

# POL-A FALA GALEGA

Seguramente ningún dos que me leedes seriades capaces de tirar con desprezo da vosa casa calquer ouxeto que houbera estimado moito unha presoa querida por vos. Polo contrario precurariades conservalo e gardalo coma un recordo daquil ser desaparecido. Poi ben o idioma o noso idioma gallego e algo que tanto estimaron os nosos devanceiros que por espacio de moitos seculos condervaron e empregaron de continuo. N'el expresaron as suas ledicias n'el xemerón os seus doores, n'el dixerón os seus querer e co il arrolaron os nosos berces. E vos gallegos que me leedes ¿seredès capaces d'esquecer a vosa lingua a lingua que falaron os vosos pais? ¿seriades capaces de desprezar e abandonar esa sagrada herencia conservada a través dos seculos pol-os vosos maiores?

\*  
\*\*

E sinal de civilización o precurar que se nin perdan os usos e costumes que dan carauter propio a un país. Os pobos mais adiantados aquiles que marchan os primeiros polo camiño do progreso human distinguese por ise amor, por ise culto cara as cousas que son suas. Nas duas nacios mais ricas e progresivas de España, na Cataluña e na Vasconia, a xente fala e pensa en catalan ou en vascuence, e hastra construye os seus edificios nos estilos de cada país. E moitos de vos, gallegos que me leedes pode que creades que unha proba de cultura o falar en castelau, e moitos dos que volven da América pensan que locen millor a sabiduria adquirida nas terras de alen mar finxindo que esqueceron o idioma dos seus pais, e hastra hay xentes tan imbéciles e tan parbas que lles falan os fillos en castelan pra que non deprendan o idioma da sua patria.

\*  
\*\*

E si que lle temos motivos os gallegos pra lle estarmos obrigados o castelan. O castelan e o idioma da dominanza; n'el garrapatean os escribanos e os xueces, co il emborronan os caciques as suas arbitrariedades, co il escamotease a vontade do pobo, n'el estan escritos os recibos da contribución. E a lingua que falan os *señoritos bien* das vilas, inútiles e inorantes; e a lingua dos donos dos foros, a lingua dos empregados lambós. E a lingua de todo o que hay de ruin e de noxento na nosa terra.

\*  
\*\*

Gallegos o falar en castelan siñifica pra nos:

A perda d'unha cousa nosa creada no tempo pol-os nosos pais e pol-a nosa terra pol-a sagra colaboración da raza e do país.

A mais grande proba de falta de valor e de virilidade, pois falar en castelan e pra nos incrinar a testa ante os verdugos e lamber a mau que nos azouta.

Gallegos: si sodes homes, si tendes vergonza e dinidade falade sempre na nosa lingua, procurade que os vosos fillos deprendan non soilo a falala si non tamen a escribila, tede a orgullo o falar diante de todo o mundo en gallego, que a mais de ser unha lingua fermosa e Nosa, Nosa.



